

INFORMACIÓN INICIAL ÁS FAMILIAS DOS ALUMNOS/AS ESCOLARIZADOS EN 3º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA (EP)

Estimadas familias:

En primeiro lugar, darvos a **benvida** a este curso académico 2021-2022.

Dada a situación que nos acontece, este ano non é recomendable convocar reunións iniciais presenciais, polo tanto, seguindo rigorosamente [o protocolo de adaptación ao contexto da covid 19 publicado pola Xunta de Galicia](#) (premer control e o enlace para a súa visualización) iniciamos o curso ofrecéndoos información detallada de como se desenvolverá o mesmo, deste xeito telemático, sendo esta a principal vía de comunicación que imos utilizar polo momento.

Comezamos coa presentacións dos **mestres/as dos niveis de 3º EP:**

Titora de 3ºA: Mónica Fernández Albonos.

Titora de 3º B: Vanesa Caruncho Miragaya.

Mestre especialista Música: Daniel Agulló López

Mestre especialista en Educación Física: Marcelino Arias

Mestra especialista en lingua estranxeira inglés: Magdalena Estévez Ledo

Con este curso adentrámonos no cambio de ciclo e polo tanto, como medida pedagóxica establecida e aprobada a nivel de Centro educativo, os **grupos A e B** foron reorganizados, formando agrupamentos novos. A **localización das nosas aulas** están no **primeiro andar**, onde dispoñemos de material tecnolóxico e espazos amplos para a debida distribución, gardando distancia e respectando as medidas de seguridade ante o covid 19.

O curso comeza o xoves 9 de setembro e a continuación detallamos por apartados toda a información sobre como se levará a cabo:

1. Contidos e obxectivos propostos para este curso académico. Teremos en conta cada un dos obxectivos e contidos establecidos pola normativa vixente para este nivel académico. Para alcanzar ditos contidos e obxectivos, ademais de facer uso dos cadernos e libros individualmente, pretenderase levar a cabo actividades interactuando de maneira individualizada (polo momento, non proporemos actividades en pequeno grupo, parellas...), intentando intercalar tarefas lúdicas para evitar a monotonía e que a xornada sexa o máis aturable posible, sempre tendo en conta as medidas de hixiene e seguridade.

2. Información relevante a cada unha das especialidades (música, educación física e lingua inglesa):

Os especialistas acudirán á aula para impartir a súa especialidade, excepto na materia de música, que acudirán á aula destinada a dita materia.

En Educación Física non usarán os vestiarios polo que non será preciso traer camiseta de reposto, pero si se deberá traer zapatillas deportivas de reposto, un bote de xel hidroalcohólico ou toallitas desinfectantes e un paquete de panos para asearse.

3. Titorías. As reunións entre familias- titores/mestres/as realizaranse de maneira telefónica, quedando prohibidas as asistencias das familias ao centro educativo para evitar contaxios. Estas solicitaranse mediante a axenda do alumno/a ou ABALAR, os cales deberán ser revisados diariamente. As titorías serán os martes de 18:00 a 19:00 horas. Nos casos de incompatibilidade horaria, buscaremos outro día ou hora que vos conveña.

4. Actualización de datos. Será importante que teñades en conta a actualización de posibles datos persoais (cambio de números de teléfonos, domicilio...) así coma darvos de alta ou actualizar a App ABALAR. **Será imprescindible que teñades esta vía actualizada para recibir notificacións, xa que será o noso principal medio de comunicación telemático.**

De especial mención merece **as alerxias e intolerancias**, sendo necesaria a comunicación ao centro e facilitación de certificados médicos actualizados.

5. Deberes. O traballo que o alumnado leve para casa será, en xeral, o que non remate durante a mañá na aula. Enviaráselles traballo para reforzar ou practicar certos contidos coma cálculo, resolución de problemas, como traballo diario a partires de finais de setembro ou principios de outubro.

Dispoñeremos no taboleiro da aula duns recadros que lles sirva de guía destinados ao apuntamento do traballo na axenda escolar, dos libros e cadernos que deben ter en contar e traer o próximo día á aula.

Para que esta práctica funcione pedímosvos a vosa colaboración, mantendo o seguimento das axendas dos vosos fillos diariamente para a supervisión da realización dos deberes ou calquera comunicación que vos enviemos por esta vía. Ademáis, nun principio, tamén vos agradeceríamos que cada día consultedes con eles o horario á hora de preparar as mochilas, para que saiba que libros, cadernos e material precisa para o vindeiro día.

6. Avaliación e calificación das materias.

A nota media de cada materia será a suma das seguintes porcentaxes: o 70% da nota corresponderase coa media dos controis ou probas, o 20% o traballo diario e o 10% actitude e comportamento.

Realizarase unha proba escrita ou control por cada tema para as materias de ciencias e, no caso das linguas (galega e castelá) de cada dous temas. En matemáticas dependerá do contido do tema, podendo ser de cada un ou dous temas. Se avisará aos nenos das datas de ditas probas coa suficiente antelación.

Asimesmo, nas linguas entregarán comprensións lectoras e expresións escritas que serán puntuadas e farán media cos controis.

7. Saídas e excursións. Polo momento non hai saídas programadas, co fin de reducir as posibilidades de contactos.

8. Outras rutinas e recomendacións para a aula. Farase un uso exhaustivo da máscara durante toda a xornada escolar. Deberán traer as dúas máscaras e a súa merenda (non se poderá compartir). É recomendable que a máscara de reposto veña debidamente gardada nunha funda, sobre... O material de cada neno/a deberá telo consigo, accesible para el/ela, na súa mochila e no seu posto da aula. Este ano facemos uso das estanterías só durante a xornada lectiva, polo que os alumnos/as deberán gardar as cousas na casa e traelas en función do que precisemos segundo o horario e o indicado na axenda.

Non se poderá traer alimentos ou calquera outra cousa para celebracións de aniversarios ou situacións que impliquen compartir entre rapaces.

9. Uso do servizo de Biblioteca. Informarémovos proximamente sobre o funcionamento da biblioteca cando estean as pautas concretadas.

10. Pautas e guía para comezar o curso. Organización da xornada escolar.

Detállanse as medidas a ter en conta no desprazamento e convivencia no centro. É importante que estas pautas llas expliquedes aos vossos fillos os días previos ao inicio de curso para que saiban que facer ao chegar e sexa máis doado a súa adaptación. Será aconsellable tanto para nós (os mestres/as) coma para o alumnado iniciar o día facendo a autoavaliación clínica do covid proposta polo protocolo (ANEXO I), para descartar posibles síntomas; no caso de padecer algún deles, deberán avisar ao centro e quedar na casa.

A entrada ao centro farase coa máscara posta e intentando manter o distanciamento. Realizarana ás 8.45, sós, sen acompañante, o/a cal deberá quedar fóra do recinto escolar. Polo momento, continua o *programa de Camiños seguros*, polo que podedes facer uso do sistema de pulseiras “check point “ á entrada do centro.

Os nenos/as deste curso, terán dende ás 8.45- 9.00 para facer a subida á súa aula e asentamento na súa cadeira (posto escolar) etiquetada co seu nome. O alumnado de 3º poderá entrar por calquera das portas do Centro, e unha vez dentro do centro, subirán polas

escaleiras próximas á conserxería.

É importante ser puntuais e non vir pasadas as 9.00 da mañá, dado que posteriormente será a entrada do alumnado de infantil e deberemos ser puntuais para evitar colapsos e reducir posibilidades de contaxios. Pasadas as 9.00 da mañá non se poderá subir e será considerada falta de puntualidade, quedando rexistrada como tal na aplicación (XADE).

Unha vez na aula os mestres/as estaremos agardando polos nenos/as, co espazo debidamente ventilado, para guialos e iniciar a rutina de desinfección de mans co xel hidroalcohólico (a cal se repetirá ao longo da mañá ás entradas e saídas da aula e edificio) e á colocación das súas cousas no seu posto escolar.

Cada alumno/a disporá do seu propio material, non podendo compartir o mesmo para evitar contaxios. Por iso, máis que nunca, deberán poñer especial atención en organizar e revisar as mochilas diariamente para que non lles falte ningún material. **O material a traer os primeiros días, xa está exposto na web do cole.** A partires do luns, (incluído) xa poderedes traer os libros e cadernos correspondentes tendo en conta o horario e, polo tanto, as materiais que se impartirán.

Este curso a campaña de alimentación deberá axustarse ás suxestións dictadas polo centro.

A manipulación dos picaportes, persianas ou a luz realizarase por parte do mestre/a. Manterase unha ubicación fixa do neno/a ao longo do primeiro trimestre (ata novo aviso) polo que non poderán cambiarse de sitio con outro compañeiro/a. Ao longo da xornada os nenos/as deberán permanecer sentados no seu posto escolar, excepcionalmente poderán levantarse para ir ao aseo ou realizar exercicios periódicos e estáticos, no seu sitio, no caso de esgotamento.

Os recreos realizaranse de maneira escalonada cos demais cursos e grupos. Os espazos estarán delimitados e os nenos/as deberán permanecer xunto aos compañeiros/as da súa aula/ grupo. Os espazos serán rotatorios por ciclos, establecendo quendas na distribución dos nenos/as entre pavillón, solaina do edificio ou aula.

Á saída realizarase ás 13.55, o titor/a acompañará ao alumnado ao portal do recinto escolar que dá á **rúa Ourense**, facendo entrega dos nenos/as por **orde, de un en un e gardando distancias**. **Todos os días sairán na mesma orde:3ºA,3ºB,4ºA,..**

Non se entregará ningún neno/a a persoas non autorizadas. Se nalgunha ocasión queredes que se entregue á nai,pai,..doutro compañeiro deberedes poñelo por escrito na axenda.

Para rematar, indicar que toda a organización proposta estará supervisada polo persoal docente a través de gardas e quendas previamente organizadas para garantir a seguridade

de todos/as.

Intentamos que este curso escolar sexa o máis seguro posible para todo/as, protexer os nenos/as e coidalos o máximo posible. Pedimos a vosa colaboración dende a casa co cumprimento destas medidas.

Moito ánimo e bo curso!

Titoras de 3º E.P